

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Elaboración de Unidades Didácticas				
Materia	Elaboración de Unidades Didácticas			
Código	V02M066V01204			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Experimentais. Bioloxía, Xeoloxía, Física e Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Vidal López, Manuel			
Profesorado	Vidal López, Manuel			
Correo-e	mvlopez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo xeral desta materia é coñecer os elementos que configuran unha Unidade Didáctica e valorar os instrumentos pedagóxicos que existen para deseñar U.D. motivadoras que se adapten ao marco lexislativo actual de educación secundaria e bacharelato.			

Competencias	
Código	
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
B10	Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado.
B12	Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación
B16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
B17	Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.
B18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos.
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
C9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.

C13	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Deseña e desenvolve metodoloxías didácticas axeitadas.	B6 D1
Coñece recursos e experiencias para enriquecer as actividades incluidas nas unidades didácticas.	B10 D1 D2
Planifica e deseña un modelo de avaliación axeitado.	B3 B12
Dispón de destrezas e habilidades sociais para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe.	C8 C9 C13
Capacidade de xestionar, analizar e sintetizar información.	B4 B18
Capacidade de traballo en grupo e autónomo.	B16 B17 D3

Contidos

Tema	
Deseño de unidades didácticas Elementos dunha unidade didáctica. Selección e secuenciación de obxectivos e competencias. Secuenciación de contidos Metodoloxía do ensino. Deseño de actividades de aprendizaxe. Atención á diversidade. Avaliación.	Deseño de unidades didácticas Elementos dunha unidade didáctica. Selección e secuenciación de obxectivos e competencias. Secuenciación de contidos Metodoloxía do ensino. Deseño de actividades de aprendizaxe. Atención á diversidade. Avaliación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	8	0	8
Lección maxistral	3	0	3
Traballo tutelado	18	0	18
Traballo	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentación	As dúas últimas sesións da materia adicaranse ás exposicións das diferentes unidades didácticas elaboradas. Ademáis, ó final de cada unha delas, realizarase unha valoración por parte dos alumnos e o profesor da estrutura, contidos, actividades expostas, metodoloxía e defensa da propia unidade didáctica.
Lección maxistral	Actividades expositivas do profesor e estudiante.
Traballo tutelado	O estudante, de xeito individual ou en pequeno grupo, deseña e elabora unha unidade didáctica segundo as directrices do profesor. Establécense sesións de titoría, tanto na aula como vía correo electrónico para resolver calquera dúbida posible e tamén para supervisar o avance do traballo realizado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Traballo tutelado	O estudante, de xeito individual ou en pequeno grupo, deseña e elabora unha unidade didáctica segundo as directrices do profesor. Establécense sesións de titoría, tanto na aula como vía correo electrónico para resolver calquera dúbida posible e tamén para supervisar o avance do traballo realizado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Presentación	Claridade e precisión da exposición. Corrección lingüística e uso axeitado do vocabulario. Orixinalidade, organización e calidade do contido. Adecuación da presentación ó contido do informe escrito. Uso axeitado dos recursos informáticos.	40	B12 B16 B17 B18	C9 C13	
Traballo	Boa estructuración das partes da U.D. Obxectivos e competencias axeitadas ás actividades propostas. Orixinalidade, desenvolvemento e interese das actividades propostas. Criterios de avaliación relacionados cos obxectivos propostos. Claridade de expresión e corrección linqüistica. Uso axeitado da bibliografía.	60	B3 B4 B6 B10	C8 C9	D1 D2 D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

CONVOCATORIA XUÑO

A nota final será a media ponderada da unidade didáctica deseñada (60%) e a súa presentación e defensa (40%). Dependendo do número de alumnos matriculados, farase que os grupos participen no proceso de avaliación.

CONVOCATORIA XULLO

Poderán recuperar as competencias non adquiridas na convocatoria de xuño entregando de forma individual unha unidade didáctica segundo as directrices marcadas polo docente. A data de entrega será a correspondente ao exame da convocatoria de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Vázquez Cano, E. & Martín Gómez,, **Guía para la elaboración de programaciones didácticas y unidades didácticas**, ED. CDEO, 2015

V.V.A.A., **Elaboración y defensa de la programación y las unidades didácticas en seis sencillos pasdos**, ED. CEP, 2012

Consellería Educación e Ordenación Iniversitaria, **Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e ou currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia..**, DOG, 2008

Bibliografía Complementaria

Encabo de Lucas, J.A., **Ciencias da Natureza. Programación didáctica de 2º ESO. Bioloxía e Xeoloxía.**, ED. CEP, 2008

González Manjón, D.; Lara, J.A. e J.G. Vidal, **Guía para elaborar programacións e unidades didácticas en Educación Secundaria**, Ed. EOS, 2005

Molina Soldán, E. M., **Material básico para a elaboración de unidades didácticas en Educación Secundaria**, 2006

Suances García, L., **Programación didáctica de primeiro de Bacharelato**, ED. CEP, 2009

Xixón Porta, J., e Binaburo Iturbide, J. A., **Como elaborar unidades didácticas en ensino secundario.**, Fundación Ecoem, 2007

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da

docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:
A metodoloxía docente será a mesma no caso do escenario de semipresencialidade, entendendo como tal, a situación de que non poda asistir a clase presencial todo a alumnado á vez.

Metodoloxías docentes que se modifican:
No escenario de docencia semipresencial, además da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Moovi como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

Mecanismo de atención ao alumnado (titorías):
As sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia na plataforma Moovi.

Outras modificacións:

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense no escenario semipresencial para o curso 2021-22 se fora necesario. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, manténense, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente.

Probas que se modifican:
Para o curso 2021-2022, non hai modificacións nas probas de avaliación.

Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional:
Non hai.